

O CAMBIO CLIMÁTICO, AUGA E PROBLEMAS AMBIENTAIS : Qué é?



O que é o cambio climático?

A xente fala moito do tempo, e non debe estrañarnos se temos en conta a influéncia que ten no noso estado de ánimo, en como nos vestimos e mesmo no que comemos. Sen embargo, non debemos confundir o tempo co clima. O clima é a media do tempo que fai nunha determinada zona durante un longo período.

As variacións climáticas existiron no pasado e existirán sempre a consecuencia de diferentes fenómenos naturais, como os cambios fraccionais na radiación solar, as erupcións volcánicas e as fluctuacións naturais no propio sistema climático.

Sen embargo as causas naturais poden explicar só unha pequena parte do quentamento. A inmensa maioría dos científicos cadra en que se debe ás crecentes concentracións de gases de efecto invernadoiro, que reteñen o calor na atmosfera como consecuencia das actividades humanas: úsase tamén a expresión cambio climático antropoxénico. Durante o século XX, a temperatura media global subiu 0,6°C e 1°C en Europa.

A evolución do quentamento

Durante o último século, a temperatura media global aumentou 0,6°C, chegando a aumentar 1° C en Europa, o que é un quentamento inusualmente rápido. De feito, o século pasado foi o mais cálido, e a década dos 90 foi a mais calurosa dos últimos 1000 anos. Segundo a NASA, os cinco anos mais calurosos foron, nesta orde, os seguintes:

1. 2005 2. 1998 3. 2002 4. 2003 5. 2004

O Grupo Intergubernamental de Peritos sobre o Cambio Climático (IPCC) - un foro científico establecido no marco das Nacións Unidas en 1988 para reunir a peritos no clima de todo o mundo - prevé que a temperatura global media pode subir para o ano 2100 entre 1,4 e 5,8°C como consecuencia das actividades humanas.

É posíbel que esta diferenza non semelle alarmante, pero durante a última Idade de Xeo,

O CAMBIO CLIMÁTICO, AUGA E PROBLEMAS AMBIENTAIS : Qué é?

fai mais de 11.500 anos, a temperatura global era de somentes 5°C menos que na actualidade, e foi cando unha grosa capa de xeo cobría a maior parte de Europa !

Hoxe en día, o cambio climático está a ter moitos impactos apreciaveis, que van desde os aumentos da temperatura até a suba do nivel do mar como consecuencia do derretemento dos casquetes polares, pasando por trevoudas e asolagacións, cada vez mais frecuentes. Se non tomamos medidas, o cambio climático provocará danos cada vez mais custosos e afectará ao equilibrio do noso entorno natural que nos provee de alimentos, materias primas e outros recursos vitais. Isto perxudicará ás nosas economías e podería desestabilizar ás comunidades de todo o mundo.

